


PLANETA LINGUA

FERROL, ABRIL 2005 Nº7

Equipo de Normalización Lingüística
do I.E.S. SOFÍA CASANOVA



TEATRO EN NADAL 2004

I.E.S. SOFÍA CASANOVA

CLON FATHER - CRISTO

[VERSIÓN LIBRE DO LIBRO O CREPÚSCULO E AS FORMIGAS
DE X. L. MÉNDEZ FERRÍN, ESCRITA POR DARÍO FERNÁNDEZ]



Gabriela Cebal Berini Miriam G. González-Llanos
Sandra Rego Rey Miguel Neira Boga
Oa Bescos Darío Fernández Fernández

ENTROIDO 2005





*O mundo não é verdadeiro, mas é real.
A memória é a consciência inserida no tempo.*
Fernando Pessoa

ACTIVIDADES

COA LINGUA DE EXCURSIÓN-2005 / Imos para o Porto

Un total de 64 alumn@s e 8 profesor@s de sete Institutos da comarca de Ferrol, [Concepción Arenal, Canido, Atios (Valdoviño), Fernando Esquío (Neda), As Telleiras (Narón), Fene e Sofía Casanova] viaxamos coa lingua de excursión até a cidade portuguesa de Porto os pasados 8 e 9 de abril. Tudo bem, todo muito bem e para o vindeiro ano contamos achegarnos até.....LISBOA!!! Terás novas, terás noticia...sempre atent@, sempre pendiente.



DE AXENCIAS [15-marzo-2005]

A Mesa pola Normalización Lingüística cifra nun 68% o incumprimento da lexislación do galego no ensino

A Mesa pola Normalización Lingüística afirmou que o decreto sobre o uso do galego no ensino se incumpre no 68% dos centros. Por iso a Mesa, que desenvolveu unha intensa campaña no curso pasado por esta cuestión, asegurou que vai solicitar aos inspectores de educación que expliquen a situación nos xulgados.

O presidente da Mesa, Carlos Manuel Callón Torres, indicou que segue a haber un "incumprimento alto" do decreto do galego no ensino, aínda que percibiu unha "leve mellora", que lle atribuíu á presión realizada pola organización no curso pasado. As cifras que achega a Mesa estiman o incumprimento do decreto "en maior ou menor medida" no 68% dos centros de ensino galegos. Ademais, un 26% non estarían respectando as porcentaxes legais polo menos no que afecta a lingua dos libros de texto.

A Mesa pedirá "a comparecencia dos inspectores educativos nos xulgados" para que expliquen o incumprimento e "que digan a situación que hai". Carlos Callón acusou o conselleiro de Educación, Celso Currás, e o director xeral de Política Lingüística, Xesús P. González Moreiras, de seren "enterradores do galego" e engadiu que reclamará que no vindeiro curso escolar se implanten as cifras que prevé o Plan Xeral de Normalización, dun 50% de ensino en galego.

A Dirección Xeral non achegou cifras do incumprimento, pero hai meses que anunciou un plan de medidas para combatelo.

O GALEGO,
SEMPRE
EN CONTA

—TOPONIMIA GALEGA, A MÚSICA DA NOSA XEOGRAFÍA—




Dende sempre, os nomes dos diferentes lugares en Galicia foron moi relevantes, e reveladores do noso carácter común, e non en van temos un rexistro toponímico enorme en comparanza coa superficie de terreo da que dispoñemos. Así, só no que se refire á toponimia maior, isto é, a referida aos núcleos de poboación, os trintaetantos mil nomes de lugar galegos representan case a metade do conxunto dos núcleos de poboación españois. A estes debemos engadir os rexistros da toponimia menor: nomes de ríos, vales, fragas, outeiros, pontes, eidos, penas... Incluso moitos lugares gozan de varias denominacións distintas segundo o lugar de procedencia da persoa que a este se refira.

Pois ben, esta riqueza cultural que nos ben dada por tradición está sendo desprazada polos nomes máis modernos que, as máis das veces faltos de imaxinación, se impoñen mediante denominacións oficiais arbitrarias. Así, rúas con historia propia das nosas cidades foron despoixadas desta e convertidas en simples corredores faltos de espírito. Como exemplo basta pasear pola vila de Lalín, onde as antigas rúas da Cacharela, O Pontillón, a Congostra ou O Tirabeque foron renomeadas con letras do abecedario e pasaron a chamarse *Calle A*, *Calle F*, *Calle K*...

Estas denominacións non só botan por terra unha tradición forxada ao longo de moito tempo, senón que ademais abren o camiño para que a nosa toponimia, dende sempre en galego, sexa invadida pola lingua cervantina, que nunca antes tivera función algunha neste eido en Galicia.

Neste asunto, un dos máis discutidos é o moi famoso A Coruña/La Coruña. Pero tres sentencias consecutivas dos tribunais de xustiza (a primeira do Tribunal Superior, a segunda do Tribunal Supremo e a derradeira, que supostamente tería pechado o debate,



Aínda se ven moitos topónimos deturpados polas nosas estradas

do Tribunal Constitucional) deixaban claro que a única forma válida do topónimo é a forma galega deste, A Coruña, así como a de outros moitos topónimos modificados durante o Réxime franquista que tamén recobraron a súa forma orixinal. Pois ben, o alcalde da Coruña, o Sr. Francisco Vázquez, propuxo un novo cambio a prol do *l* de marras, que foi aprobado polo pleno do Concello. Aínda que a maioría das leis até o de agora aprobadas non obrigan a un uso exclusivo do galego en ningún campo, a lei 3/1983 é moi clara a este respecto. Nela decrétese como forma oficial a denominación galega dos topónimos, única e exclusivamente. A proposta do alcalde coruñés aprobada no Concello da Coruña é, polo tanto, ilegal.

Con todo, non é tanto a ilegalidade ou non da proposta, pois esperamos que por fin se cumpra a lei, senón o feito e si da proposta do cambio que manifesta un desprezo ruín pola lingua propia, así como un menosprezo profundo pola vontade xeral e as decisións dos diferentes Tribunais. Aínda así, ningún organismo, agás a *Mesa pola Normalización Lingüística*, actuou de maneira algunha. A este respecto tan só houbo unha pequena protesta do BNG no parlamento de Galicia, sen máis repercusións polo de agora. O alcalde segue aí, igual que o *l*.

Os membros da *Real Academia Galega*, así como outros moitos persoeiros galegos de maior ou menor renome, desaprobaron este cambio. Pero algúns dirixentes do PSdeG están a prol da castelanización do topónimo, como Emilio Pérez Touriño que cualificou de *fundamentalismo lingüístico* o feito de se pronunciar en contra desta medida regresiva, mentres que Fraga asegura *comprender* a postura dos socialistas. En fin, neste país que vivimos, polo que parece, as leis que promoven e defenden a nosa cultura non están, como acontece con calquera outra lei, para ser cumpridas, senón para ir en contra delas e crear así unha polémica sen sentido que, segundo algúns, pode traer consecuencias negativas.



Abadín, Rábade, Cospeito, Guitiriz, Castro de Rei, Xermade e A do Monte! Outeiro de Rei, Moncelos e Mondriz...!

Támboğa, Trobo, Lanzós e mais Begonte, O Santo, Quintela, Rozas e Goiriz...!
Do poemario *Terra Chá* de Manuel María.



Miguel Neira Boga

O TEATRO EN FERROL

O teatro naceu en Grecia nos séculos V e VI a.C., pero antes xa existían outras manifestación teatrais coma as danzas e os bailes, que se executaban nas tribos da Prehistoria acompañadas de música para escorrentar os espíritos malignos.

Dende entón, o teatro evolucionou a grande escala e cambiou moito, de maneira que hoxe podemos ver calquera tipo de manifestación teatral en calquera cidade: obras teatrais, danza, ópera, ballet, etc.

A creación dos grupos teatrais afeccionados permitiu que moita xente que quería facer teatro puidera desenvolver as súas inquietudes e iniciativas artísticas. No caso de Ferrol, priman os grupos de teatro afeccionados. Para estes grupos, e ao longo de todo o ano, convócanse na nosa cidade diferentes certames: o certame de teatro infantil e xuvenil "Atenea", organizado polo Ateneo Ferrolán, onde poden participar grupos de teatro non profesional que estean vencellados a colexios, asociacións, sociedades, etc., cuxos actores e actrices non pasen dos 20 anos; o certame para grupos afeccionados "Domingos a escena", organizado polo noso Concello, onde poden participar grupos de teatro non profesional de calquera idade.

Tamén se organiza un ciclo de representacións para grupos de teatro profesionais de Ferrol e doutros lugares, o moi nomeado "Xoves teatrais", que organiza o Concello e ten unha moi boa acollida polo público.

A maioría dos grupos de teatro da nosa cidade están integrados en asociacións culturais, veciñais,

fundacións, centros de ensino, etc. Moitas destas asociacións teñen como obxectivo potenciar o teatro, contribuir ao enriquecemento cultural e á capacidade crítica da nosa sociedade. Algúns



destes grupos teatrais son: "Grupo Contraste" e "Grupo Carpe Diem" integrados na Asociación Cultural Estudio de Teatro N+1, "Grupo Bartoleta Teatro" que están na Asociación de Veciños do Ensanche A, "Grupo de Teatro Amizade" pertencentes á Asociación de Mulleres Amizade, "Mariclown" que pertencen á Asociación Circusfusión, "Xente Nova" pertencente o I.E.S. Concepción Arenal, etc..

Hai máis de 10 anos que as nosas asociacións e grupos teatrais puxeron todos os seus esforzos, traballos e medios para conseguir que os certames de teatro antes citados, así coma outras actividades relacionadas co teatro, saíran adiante; pero hai iniciativas que aínda non se conseguiron, como a creación dunha Escola de Teatro. Por iso hai que seguir loitando, para que Ferrol acade unha mellor situación teatral e cultural. Desde aquí, animo aos rapaces e rapazas para que se apunten aos grupos de teatro, para que proben a experiencia de interpretar un papel, un guión, un personaxe, pois é algo que, desde o meu punto de vista, paga a pena.

Daniel Carballeira Caeiro



PASANDO O TEMPO COA PSICOLOXÍA DOS SENTIMENTOS

NO TEU ANIVERSARIO

Imaxina que hoxe é o teu aniversario, e cando abres a túa caixa do correo atopas unha felicitación de alguén que non sospeitabas. *Quen cha enviou?* Tamén recibes diversos regalos de amigos e familiares. De todos os agasallos, imaxina *quen che puido enviar o paquete máis grande, o que para ti ten maior valor?* Pensa en persoas concretas.

CLAVES PSICOLÓXICAS PARA INTERPRETAR AS TÚAS RESPOSTAS

As respostas que deas seguramente revelarán os teus verdadeiros sentimentos para con aquelas persoas coas que convives e te relacionas, sentimentos dos que tal vez non sexas consciente. A persoa que che enviou de forma inesperada unha felicitación probabelmente sexa alguén de quen che gustaría recibir máis afecto e atencións. A persoa que che mandou o agasallo que ti máis aprecias é, desde unha perspectiva psicolóxica, aquela da que estás máis seguro do seu afecto por ti.

MARCHAMOS DE CONCERTO

Acodes cos teus amigos e colegas a unha actuación do voso grupo de música preferido. A noite é fría. Na túa cuadrilla, un dos teus amigos ou amigas leva un abrigo amarelo e outro un abrigo azul. Imaxina qué persoas concretas pensas ti que vestirían os abrigos azul e amarelo.

CLAVES PSICOLÓXICAS PARA INTERPRETAR AS TÚAS RESPOSTAS

En psicoloxía, as cores brillantes coma a amarela asócianse a sentimentos cariñosos, achegados, mentres que as cores frías relaciónanse con sentimentos fríos, distantes, negativos. A persoa a quen adxudicaches a cor amarela seguro que é alguén que che gusta ou que che fai sentir feliz, mentres que a persoa de abrigo azul é alguén que che deixa frío.



CRÓNICA DE TEATRO DO NADAL 2004

(Construíndo **CLON-FATHERCRISTO**, obra escrita por Darío Fernández, baseándose no mundo dos libros *O crepúsculo e as formigas* e *Con pólvora e magnolias* de Xosé Luís Méndez Ferrín).

Amosamos ao público unha interpretación do mundo de Méndez Ferrín, sabendo que non podemos, con un autor da súa categoría, que xoga tanto coa simboloxía, as infinitas metáforas e o realismo máxico, xeneralizar nin fixar un único modo de entendelo.”

Estas palabras foron pronunciadas por **Darío Fernández**, escritor, director e primeiro intérprete da obra teatral que estamos a comentar.

O grupo teatral *Salamandra!* estreou no salón de actos do I.E.S. Sofía Casanova, o 22 de decembro de 2004, a peza *Clon-Fathercristo*, que fai a número catro da súa traxectoria, despois de representar *Salamandra!*, sketch que deu nome ao grupo, da primeira obra teatral “grande” *Inmensidade baleira* (que aínda hoxe segue sendo a máis considerada), e das tres historias que compoñen *Malvis e fogo*.

Miguel Neira, Darío Fernández, Miriam Llanos, Sandra Rego e Gabriela a que isto subscribe, fixemos un achegamento á figura máis importante da narrativa galega actual: Méndez Ferrín.

“Adaptar para unha peza teatral a novela O crepúsculo e as formigas foi unha idea que se me ocorreu tan só polo ambicioso e a imposibilidade do proxecto, de aí o seu primeiro título Proxecto mater; a proposta traballeina cando me faltaba o máis importante: tempo. Seguramente agora despois da súa estrea, siga pensando en moitos cambios, en novas e vellas escenas que non puiden incluír”.

Os labores previos á representación estiveron cheos de pexas e anécdotas, e quizais o obstáculo fundamental foi a case inexistencia de ensaios nos que todo o reparto estivera xunto, así, só unhas dez veces ensaiou o equipo enteiro, o papel do personaxe da filla foi creado e traballado en dous días, os ensaios xerais non foron tal e sempre andábamos co problema de que Darío traía centos de propostas cada día. A idea principal era recrear historia por historia, como no propio libro, pero en moitos dos ensaios só estábamos Darío e mais eu, que argallaba na iluminación, por mor da incompatibilidade horaria dos compoñentes do grupo que cursamos niveis diferentes: 1º ESO e 1º e 2º de Bacharelato. Dun día para outro Darío cambiaba todo o guión, isto pasou tres veces en tres semanas: na segunda semana a alteración dun monólogo virou con toda a trama, ao día seguinte presentou un guión que non tiña nada que ver nin con Méndez Ferrín nin con nada, e xa no texto definitivo

mesturou guiños anteriores co seu relato curto *Abismo Caracol* e o seu escrito *Clon-Fathercristo* que deu título final á obra. Ademais, tampouco puidemos ensaiar os días festivos, nin traballar os ensaios cos focos e a iluminación necesaria, aturando os nervios e berros dos dous últimos días antes da estrea e co cambio a última hora do guión!

“Non me agrada falar de cousas pequenas, gústame falar do máximo, dos excesos ferrinianos, do existencialismo, da morte e das atmosferas cheas de sombras. Entendo que falan da unión do home coa verdadeira luz: a maldade. O narcisismo, o provocar, o non ter medo a unha mala interpretación nin a facer o ridículo diante de dúascentas persoas é o que pode facer forte e case inmortal un bo espectáculo. Nun principio tiña medo polas teimas que quería tratar: a negación violenta e radical da existencia de deus, os personaxes coma criaturas agresivas pero humanas, a impotencia de loitar con palabras de magnolia

e o paso e o motivo da loita con armas de pólvora, o nacionalismo galego da primeira etapa de Ferrín cando o termo loita armada era utilizado con verdadeiros berros de paixón. A obra, en resumo, é un atrevemento, é unha obra que procura a polémica, a fachenda, soan tronos, corazóns latexando, lobos, caixas de música, primeiro Stravinsky e logo Prodigy. A obra intenta permanecer na mente do espectador a base dunha orxía innecesaria de emocións diferentes.”

A función está a piques de principiar, e xa sentimos que a xente entra e fala e ri, mentres Miguel pregunta non sei que, Miriam tolea cos nervios, Sandra sen entender nada do que esta a facer Darío, e logo eu que xa escoito o


primeiro violín que dá comezo á obra, mentres controlo a luz e o son.

“Sen Melba Couto, Miguel Ríos, Meizoso, Oa Bescos, Miriam, Noelia López, Miguel Neira, Pablo Quijano, Gabriela, Sandra Rego, a esperanza do grupo, Vicente, que vai en Cuenca, Patricia Ovies, Daniel Regueiro, Polly e Saúl, e todos aqueles e aquelas que me dixeron si, eu subo contigo neste barco, seguro que non tería chegado a ningures; eles foron as mans que me apoiaron neste complexo proxecto, sen eles nunca existiría esta actividade fundamental para vida, facer rir, chorar, soñar, namorar, morrer, renacer, ser un deus, escoitar o público sendo ti o centro das súas emocións, nese curto período de tempo, falar coas paredes e sentir como contestan, berrar, alzar a voz e contemplar o abraio dos demais. Ser teatro, vivir teatro, chegar a coñecerte polo teatro, madurar, bicar, ser lume que pode queimar, ser xeo, e logo todo é camiñar nesta realidade que te nega vivir o instante”.

Gabriela Cebal Berini



ANTES, CANDO XOGABA A TIRAR PEDRAS ONDE AS POMBAS SE MESTURABAN TRANSPARENTES CO CEO, IMAXINABA OS DÍAS COMA CRISTAIS SEN REFLEXO.



COLLÍA OS MEUS PECADOS E OS AGOCHABA NO MÁIS PROFUNDO DA MIÑA MENTE DOENTE. OS MEUS ASASINATOS, OS MEUS ROUBOS, OS EXCESOS DA MIÑA VIDA ANTERIOR.



AGORA SON COMA UN DEUS, INFINITO, INVENCÍBEL, MORTO POLA FORZA DA LUZ E AS TEBRAS MENTIREIRAS. A MIÑA ESPECIE TOLEOU, SON O ÚLTIMO DESTA CADEA DE NÉBOA E SOIDADE.




SON EU O FILLO DE XOB, QUE ARRINCA A SÚA PEL E BEBE O SEU PROPIO SANGUE? SUFRO LENTAMENTE O MEU TORMENTO. CASTIGÁRONME SEN MOTIVO NIN POR QUÉ. SEN AXUDA, POR QUE LOITO SÓ?




XA NON EXISTE A HUMANIDADE, ELES VIÑERON A ESNAQUIZAR A MIÑA POSIBILIDADE, SILENCIO INMORTAL DURANTE MILES DE ANOS. VIRON COMO MORRÍA A XENTE NO SEGUNDO FINAL.



UN SEGUNDO E LOGO FOI ABISMO. QUERIDA VIDA SENTIDA, NON QUERO LEMBRAR ESAS FIGURAS FEITAS DE ESTRELAS. ELES VIÑERON!




REMATANDO A NOSA HISTORIA, A HISTORIA DA HUMANIDADE.



ELES QUIXERON ISTO, NON QUEDA NADA XA, E BOTO AS MIÑAS PREGARIAS PARA QUE NON SEXA O ÚNICO QUE QUEDA! PIDO PODER VIVIR CON ALGUÉN! POR FAVOR, NECESITO UN SER COMA MIN, UN HUMANO...!



UN HUMANO. FÓRA, ELES FALAN CON SONS LÍQUIDOS, QUE QUEREN DE MIN? QUE QUEREDES!!?? NON SON DEUS! SON EU O FILLO DE XOB?



Darío Fernández Fernández

AS RULAS DE BAKUNIN, de Antón Riveiro Coello

Ola!, avoa. Sei que o avó escribía as súas cousas para que ti as recibiras, e decidín seguir o seu costume. A verdade é que non estou moi seguro de por qué o fago, xa que realmente non creo que ti podas lerre, pero supoño que é unha maneira de sacar fóra as cousas que, pola razón que sexa, non lle contamos a ninguén. Eu escribo agora porque pasou algo moi curioso. Un home veu preguntar polo avó, querendo escribir sobre a súa vida. Non sei como chegou ata el a historia do teu home, pero o certo é que viña moi interesado en todo o que nós puideramos aportarlle. Un tal Riveiro Coello. Seica é un escritor moi destacado, que gañou varios premios, pero eu non lera nada del ata agora, xa que levo cego tanto tempo... Ao principio non me pareceu unha boa idea, o de que escribira sobre o avó, pero ao final acabei cedendo e colaborei con el en todo o que estivo da miña man. Deixeiille as cartas que redactou para ti, un pouco a contragusto, pero dixo que eran esenciais para a historia, eu que sei! A verdade é que unha vez que les a novela que compuxo, non queda ningunha dúbida de que era imprescindible que aparecesen nela e, pensándoo ben, tampouco é que foran tan privadas... Non sei.

Aprendín moito lendo o escrito de Riveiro. Dáme un pouco de apuro recoñecer que non sabía case nada do avó ata que lin a novela, pero así é. E está tan ben escrita!

Desde as primeiras liñas veste arrastrado pola historia e non podes deixar de ler. Está escrita en primeira persoa, desde o punto de vista do avó, e sinto que Riveiro conseguiu facerme crer, incluso a min, que era el quen falaba. E falaba tan ben.... Pode que ao principio non me convencera de todo o estilo, pero finalmente saíu vitorioso, polas súas fermosas descrições, tan reais que case que ves as cousas que vas lendo. E como todo ocorre aquí en Galicia, en lugares tan familiares, é moito máis sinxelo que a historia te envolva, conseguindo que chegues a estar alí, dentro, vendo todo o que pasou por ti mesmo, mentres les a narración duns acontecementos que non te son alleos. E é todo tan emocionante... Os saltos no tempo entre capítulo e capítulo despistan ao principio, pero enseguida demostran ser un verdadeiro acerto do autor, pois espertan a

curiosidade do lector, contando varias historias que se entrelazan entre si. Eu non sabía nada dos anos de xuventude do avó, dos seus comezos como anarquista, da loita que levou a cabo. Os anos do cárcere... Nunca falaba demasiado diso, e eu tampouco quería preguntar; os recordos que lle traía eran demasiado duros e tristes, e non quería poñelo triste. Mentres que agora coñezo tantas cousas.... E entendo moito mellor aquela teima que tiña por atopar o libro, o famoso libro na procura do cal viviu a última das súas aventuras, xa con 80 anos. Aventura da que moi pouco puideron saber da súa boca, pois non tivo tempo a relatarmos.

O anarquismo, a guerra, a república... Acontecementos tan xerais, mesturados cos detalles da vida do avó e dos que o rodeaban, da súa infancia, da súa adolescencia, do voso amor, da vosa viaxe, do voso exilio a América. Esa viaxe que tantos galegos realizaron, a maioría deles con moita menos sorte ca vos, que tiñades alí amigos que vos acolleron, que vos permitiron levar unha vida bastante boa, a pesar de ter que estar tanto tempo sen vos ver por culpa de tantos traballos. A verdade é que a vosa vida estivo moi ligada aos acontecementos do momento, acontecementos xa de por si interesantes, e moito máis unidos á vosa historia mediante a mestría de Riveiro Coello. Creo que incluso alguén ao que non lle interesase o máis mínimo a historia do país a atoparía


interesante a través de todo o que vos vivistes.

E ben, non sei que máis dicir da novela, supoño que terías que lela para entender todo o que estou a dicir, para revivir aqueles momentos tan fermosos, e tamén os máis terribes. Como xa puides deducir, en xeral gustoume bastante. Terá os seus erros, como todas, pero sentínome tan ligado á historia e collílle tanto cariño a todos os acontecementos que podo perdoar calquera desacerto. Sen máis, despídome xa. Supoño que pronto terás novas de min para contarche calquera outra cousa da miña vida.

Bicos, avoa.

Lázaro

Rosalía Rodríguez Couceiro




A PÁXINA DE SARA



NEVE!!



Debe ser cousa do cambio climático




MAÑÁ EXAME DE LINGUA NA VILA DO BOSQUE

Deu da sabedoría, dáme o teu poder!

Desiste Paulo! Non o vas conseguir!

Creo que vou ter que estudar

Paulo! Saca a lámpada da cabeza!



Sabes que a televisión xera preguiza?

Ahá!!
Reparas que levamos aquí dúas horas?


Ahá!!
E sabes o xenial que sería se estivese acesa?

Ahá!!

Sara Veiga Ramos



ONTE E HOXE DO CINEMA



De onde eu son, a xente moza vai ao cinema a ver actores coma Brad Pitt ou Colin Farrel nesas grandes epopeas épicas que se puxeron tan de moda duns anos para aquí.

Troia e Alexandre Magno son só dous exemplos do que un actor novo, vigoroso, guapo e musculoso e un bo informático poden facer.

A xente de hoxe parece ter esquecido que o bo cine non comezou hai dez anos con George Clooney e Brad Pitt: houbo anteriormente unha marabillosa xeración de xenios desta arte. Actores como Gregory Peck ou Clark Gable, actrices coma Audrey Hepburn e Virginia Mallo (recentemente finada), e directores coma Hitchcock ou John Ford forman unha xeración de profesionais da 7ª arte que dificilmente serán superados nas vindeiras décadas.

Está na natureza dos humanos esquecer os tempos pasados e poñer rumbo ao mar do futuro. Pero será bo lembrar na nosa viaxe que a terra que deixamos atrás é unha terra boa, mellor, seguramente, que calquera das que se

poidan descubrir. Unha terra labrada a man por uns poucos homes e mulleres que só co seu talento crearon obras que endexamais serán igualadas.

Por iso, cando miremos para o futuro, procuremos non nos esquecer de botarlle unha ollada ao pasado.

C. Ramón Canosa



O BOSQUE [THE VILLAGE]

“É coma un pacto. Nós non nos internamos no seu bosque e eles non veñen á nosa aldea.” É o comezo desta misteriosa película, dirixida polo sorprendente M. Night Shyamalan, responsábel de filmes como “O sexto sentido” ou “O protexido”.

Ambientada no século XIX, narra a historia dunha pequena aldea, no medio dun bosque, sempre ameazados pola invisíbel presenza de estraños seres que habitan nel. A trama xira en torno a dous mozos solitarios que se unirán na busca desesperada do mundo máis alá das fronteiras da súa infancia, dunha razón que dea sentido e liberdade ás súas vidas e unha resposta a todos os seus interrogantes.

É unha película chea de enigmas flotando en cada unha das paisaxes; un violín omnipresente describindo un mundo ideal, que agora se ve ameazado por algo repentino, que fai perigar a súa continuidade. Un mundo ideal, demasiado fermoso para ser real. Como di un dos protagonistas: *“Neste lugar, todo o mundo garda algún segredo”*.

María Yáñez López







FICHA TÉCNICA

O Bosque (2004). *Título Orixinal:* The Village (USA). *Director:* M. Night Shyamalan.

Intérpretes: Joaquin Phoenix, Adrien Brody, Sigourney Weaver, William Hurt, Bryce Dallas Howard, Brendan Gleeson, Judy Greer, Jayne Atkinson, Michael Pitt, Cherry Jones, Celia Weston, Fran Kranz.

LECTURA E MOCIDADE NO NOSO INSTITUTO



Primero que nada queremos agradecer a enorme colaboración da maioría do alumnado de 3º da E.S.O. e de 1º de Bacharelato pois, grazas ás súas contestacións, e exceptuando algúns que non respectaron o traballo dos seus compañeiros e compañeiras, puidemos realizar este estudo.

Esta enquisa nace debido a que os adolescentes galegos, por termos o grande privilexio de poder manexar e expresarnos en dúas linguas, deberíamos, en principio, confraternizar dunha maneira máis forte coa lectura. Pero tal cousa non ocorre, como comprobamos polos datos obtidos neste traballo, que realizamos en dous cursos da educación secundaria. Así, un 8% dos e das estudantes afirman non ter lido ningún libro nos últimos seis meses, o 55% confesa que só leu entre un e tres libros, e tan só un 12% en 1º de Bacharelato e un 11% en 3º da E.S.O. leron máis de sete libros.

Tamén podemos destacar, fóra de calquera polémica, que o alumnado de 3º da E.S.O. ten unha grande predilección polas novelas coas que se

encontran máis identificados, como son aquelas que tratan dos problemas e as relacións entre adolescentes, destacando títulos como *Alexandra*, de Lola Gándara. En cambio, xéneros que onte estaban máis recoñecidos, como a ciencia-ficción, hoxe son menos estimados.

A pesar diso, e volvendo co tema anterior, o inquérito demostra que case un 50% do estudantado non le por vontade propia, senón unicamente aquilo que lle mandan na escola e é estrictamente necesario para sacar o curso adiante. Isto é un dato que os profesores e profesoras deberían ter en conta á hora de recomendar lecturas e de puntuar.

Por último, destacar a grande aceptación que aínda teñen entre a mocidade os nosos escritores clásicos como Rosalía de Castro ou Eduardo Pondal, situados entre os preferidos dos estudantes de 1º de Bacharelato.

Félix Carrasco Calzada



CRÓNICA DUN GAITEIRO CONFUSO



Ola amigos! Vovos contar unha historia. Eu son gaiteiro. Hai algunha xente que aínda se ri de un por tocar a gaita, hai que ser atrasadiños..., pero afortunadamente cada vez son menos os que consideran o feito de ser gaiteiro como un motivo de mofa e son máis os que se senten atraídos polo mundo da nosa tradición e anímanse a iniciarse nel. Pero a miña historia non trata das burlas ignorantes que a xente de cerebro máis ben minguado poda facer desde fóra, senón das controversias e críticas que se fan desde dentro. Desgraciadamente, dentro do noso mundo tamén temos problemas. Tamén hai xente que se ri de outros por tocar o que tocan, e estes mesmos critican aos primeiros por non facer o que a eles lles gusta.

Comecei a tocar a gaita pouco antes de cumprir 14 anos, aínda que xa o desexaba moito antes; de feito tiña unha frauta coa que ía




aprendendo cancións que escoitaba por aí. Metinme nunha banda de gaitas grazas a unha amiga coa que fora ao colexio

desde neno e comecei moi ilusionado a aprender melodías coa frauta e, pouco tempo despois, a tocalas coa gaita. Pronto fixen o traxe e comecei a actuar coa banda, onde o pasaba xenial, pois encantábame tocar e reparaba que á xente lle gustaba escoitarnos. Pouco a pouco quedei seducido pola miña nova afección e non podía rematar unha actuación ou un ensaio sen desexar que chegase o seguinte.

Xa vos comentei que no noso mundo tamén temos problemas e vouvos contar.

Posiblemente oiríades falar da *Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense*, ou non? Resumo con brevidade: Hai uns 20 anos que o seu

director quedou abraiado ao ver, nun festival de sona en Lorient, unha banda escocesa coas súas formacións e os seus desfiles, e quixo facer algo así en Galicia. Fíxoo, pero custoulle caro. Cambiou a estética das gaitas tradicionais galegas facéndoas similares ás escocesas (só na estética, non no son), substituíu a percusión tradicional con parches de coiro por percusión de alta tensión, agregou á banda timbais, e colocou a unha persoa diante da formación da banda dirixíndoa coa axuda dun bastón de mando. Ademais, incorporou ao repertorio da nova banda temas tradicionais doutras nacións celtas como Escocia, Irlanda ou Bretaña.



Pois ben, a orixe desta “*innovadora*” banda deu lugar a dúas tendencias enfrontadas: os que consideraron atractiva a nova proposta e os que a consideraron unha ofensa para a nosa tradición. Eu, persoalmente, non estou de parte de ningunha das dúas opcións. A estética da Real Banda non me gusta, pero non teño nada en contra da incorporación de temas foráneos pois nin rumbas, nin polcas, nin xotas eran nosas nun principio e, no entanto, cantas temos agora propias? Outra cousa sería que estas pezas chegasen a monopolizar o noso repertorio, entón outro galo cantaríaa....

A banda na que eu toco adquiriu nos últimos anos algunhas propostas da Real Banda como a introdución de temas alleos á nosa tradición, percusión de alta tensión e, recentemente, as novas gaitas (denominadas *gaitas marciais*) e os timbais mencionados anteriormente. Estes dous últimos elementos non foron completamente incorporados pois, de entre todas as nosas actuacións, é doado contar as veces que os empregamos. Tocar con estas novas gaitas non me fai dano, pero non me gusta (se algún gaiteiro le isto, comprenderá que non fai moita graza tocar con tres rancos ao lado do oído esquerdo...), ningún me obriga

a tocar con elas, certo, pero fágoo case por compromiso. A verdade, non entendo o por qué desas gaitas, pois eu, particularmente, non lles atopo ningunha vantaxe. Pero hai xente á que lle gustan, e se eles queren tocar con elas, mentres non intenten impoñer esta nova tendencia suprimindo as gaitas de sempre, por que non deixalos? No meu caso, se alguén me pide que escolla entre os dous modelos de gaitas non o dubido: a gaita de sempre.

O tema da percusión é un mundo á parte. O son da percusión tradicional, con parches de pel (falando só da percusión básica, a saber: tamboril, bombo e pandeireta), é moi fermoso, pero pouco potente, polo que fai falla un bo número de percusionistas para que o seu son destaque entre unha gran banda. Unha boa solución (sempre que non se dispoña de percusionistas dabondo) é a percusión de alta tensión no caso dos tambores, ou bombos con parches sintéticos, absolutamente diferente no son, pero moito máis potentes.



Sobre a introdución dos temas alleos no repertorio das nosas bandas non teño nada máis que engadir: mentres non o monopolicen, deixando esquecida a nosa tradición musical, todo vai ben.

E todas estas lérias que vos contei son un breve resumo dos problemas e enfrontamentos que hai dentro do mundo da música tradicional galega.

A xente usualmente pregunta: “*Tradición ou innovación?*”. Pero, por que non “*tradición e innovación?*”. Certo que hai cousas incompatibles, pero hai moitas outras que non o son. Coido que a solución ideal sería saber conxugalas sen prexudicar a ninguén e sen crear enfrontamentos absurdos e, por suposto, sen danar a nosa tradición.



Pablo Argüeso

UNHA CONVERSA CON MARÍA MANUELA

-De cando lle vén a afección por cantar e como principiou a súa carreira como cantante?

-A verdade é que sempre me gustou pois xa desde moi pequena xogábamnos a cantar, aínda que profesionalmente comecei cando xa estaba casada e cos dous nenos, con vintecatro ou vintecinco anos.

-Segue interpretando cantares para a infancia, para os máis pequenos?

-Sigo, e sempre que damos un concerto e hai xente miúda cantamos temas para eles, aínda que non os teñamos ensaiado. Gústanos, gústanos moito cantar para as nenas e os nenos.

-Cantos discos foron os que gravou?

-Gravamos dez discos.

-En que proxectos musicais está a traballar na actualidade?

-Na actualidade a cousa está un pouco *chungu*. Nós estamos a preparar cancións para facer un posible disco, de maneira que se te chaman para gravar tes o traballo adiantado, pero a cousa agora mesmo está un pouco mal co asunto do *top-manta*, non hai demasiados cartos e as casas gravadoras non se implican nin cos músicos veteranos nin con xente nova. Daquela é moi difícil, a non ser que ti mesma fagas a produción do teu disco.

-Viaxou algunha vez polo estranxeiro coa súa música?

-Viaxamos por Europa, actuando en Suíza e Alemaña.

-Que trato recibe dos medios de comunicación prensa, radio, televisión unha cantante coma vostede comprometida de seu coa lingua e a cultura galegas?

-Hai moito tempo, uns cinco anos, que non nos deixan cantar na televisión galega, precisamente por ser unha muller comprometida coa nosa música. Hai outras cantantes españolas, Karina, Rocío Durcal ou Rocío Jurado, e tamén outras galegas que non teñen este veto. Curiosamente, se nos chaman da televisión española non nos permiten cantar en galego, teríamos que facelo en castelán e para xustificar a súa

censura aducen que para cantar en galego xa está a TVG. A verdade é que o temos moi complicado. Nas emisoras de radio trátannos ben e non sucede como na tele, pero agora mesmo na radio é todo debate, emiten pouca música, se acaso poñen pequenos anacos das

nosas cancións, programan pouca música a non ser que sexan *Os corenta principais*, pero aquí xa non estamos nós.

-Que foi o máis interesante que aprendeu en todos estes anos como profesional da música?

-A experiencia vaiche ensinando a facer mellor o teu traballo, perdes os medos iniciais e chegas a dominar con soltura o escenario e a túa propia voz.

-Vostede é unha artista polifacética, pero que outra vocación ten ademais da canción?

-Outro dos meus afáns é a pintura e agora mesmo é o meu traballo. [Continúa na páx. 13]



UNHA CONVERSA CON MARÍA MANUELA

[Vén da páx. 12]

-Que meta ou metas aínda están por conquistar?

-Para min o máis importante é mellorar aquilo no que estou a traballar, pois son moi crítica comigo mesma e esíxome moito.

Encantárame chegar a ser unha moi boa pintora e unha moi boa cantante, niso estou.

-E por último, algunha vez se considerou un ídolo?

-Non oh!, nin tal me considero nin me gustaría selo. Debe ser difícil aturar iso de ser un ídolo. Considero que é preferible pasar máis desapercibida, ser unha persoa normal, como os demais, que no meu caso sabe cantar e pintar. Coido que é moi horroroso iso de ser ídolo.

Tamén quero salientar que a meirande parte das cousas que me teñen ocorrido nestes anos de bagaxe musical foron boas e fermosas. Coñecín persoas que no mundo da cultura galega tiveron un papel primordial nas letras e na música, como a miña boa amiga Ana Caxiao, Xosé Leira bo amigo de moitas andanzas, o finado amigo Manuel María, Uxío Novoneyra, Darío Xohan Cabana, Bernardino Braña, Celso Emilio Ferreiro, Ramón



Valenzuela (tamén moi querido por nós). No eido da música foron tamén moitas as persoas que coñecemos e pasaron polo noso grupo:

Paco Barreiro,

guitarrista de Vigo, Manolo Dopico e Pepe Dopico, curmáns meus, Miguel Varela, meu home, Xurxo e Anxo, meus fillos, Ramón Casal, a quen de xeito agarimoso chamamos *Boiro*, e tantos e tantas compañías musicais que compartiron connosco a escena como Uxía Senlle, Susana Seivane, Guadi Romero, Rosa Cedrón, Uxía Pedreira, Mercedes Peón, Xoán Rubia, Miro Casabella, o fenecido Suso Baamonde, e moita máis xente que me levaría días..., ou case, nomear. O balanço, en xeral, éme positivo.



Sandra Rego Rey

O nome de María Manuela está dende sempre unido ao de Miguel Varela, *O Tranquilo*. Os dous, que naceran en 1945, casaron no mítico ano de 1968, nun Ferrol que daquela bailaba ao son dos Tamara, os Sprinters e Andrés Dobarro, con quen Miguel tocou durante anos. En 1974 comezan os éxitos coa gravación, no seu primeiro *single*, de "*Pedro Chosco*" e "*Ana Mariña*".



Miguel O Tranquilo

Desde aquela inicial aportación á historia da música en galego, María Manuela nunca deixou de estar presente no panorama cultural do noso país, sen se deixar tentar polas moitas ofertas que ao longo do tempo tivo para cantar en español.

A súa militancia polo noso idioma levouna, xunto con Miguel Varela, a porlle música e popularizar poemas

de Celso Emilio, Manuel María, Emilio Pita, Cuña Novás, Rosalía de Castro... e Ana Caxiao, quen a acompañou desde aquel primeiro "*Ana Mariña*" até "*Para Miguel*", o seu último CD gravado. Hoxe, sen Miguel, saca ao mercado este novo traballo e o seu fillo Xurxo, herdeiro da sabiduría e sensibilidade d'*O Tranquilo*, toma a batuta para pór de acordo a unha grande equipa de músicos amigos: César Longa, acordeón, piano e harpa; Paco Barreiro, guitarra; Daniel Ardemián: Guitarra española e portuguesa; Manuel Dopico, baixo, mandolina e voz; Ramón Casal, zanfona; José Luis do Pico Orjais, percusións; Francisco Luengo, viola de gamba; Alfonso Morán, contrabaixo; Xurxo Varela, guitarra, chelo e viola de gamba; Xoán Rubia, voz. Ademais do seu traballo musical, María Manuela ten demostrado a súa personalísima visión da arte cunha pincelada impresionista cargada de estética galega. Neste campo destacan as súas exposicións en Caixa Galicia de Ferrol e Compostela, Círculo Mercantil de Vigo, Galería Arte-Imaxe e Asociación de Artistas da Coruña, Forum des Arts de Lorient, etc..

A LENDA DA LAVANDEIRA

Na parroquia de Fazouro, en Foz, existe un lugar chamado *As Penas de Salsa* que, segundo contan os vellos, é un sitio encantado pois ocorren alí fenómenos estraños.

Nunha ocasión, un veciño da parroquia xuntouse con outros amigos e, aproveitando a lúa chea, foron até *As Penas de Salsa* a pescar. Colleron canas e cestos e aló foron.

Nas proximidades do lugar existía unha pequena fonte natural e cando xa se achegaban escoitaron uns preciosos cantos de muller, e puideron observar como unha señora de moi baixa estatura estaba lavando roupa na fonte, mentres cantariñaba fermosas cantigas.

A curiosidade por ver quen era fixo que quixeran acercarse a ela, pero cando xa estaban moi preto a muller desapareceu misteriosamente.



Esta lenda lémbra-nos a canción “*O romance da lavandeira*”, do grupo *Fuxan os Ventos*, baseada nunha lenda galegoportuguesa que narra como toda persoa que atente contra a vida dos nenos

nacidos ou por nacer, será condenada, logo de morrer, a que a súa ánima vague en pena e apareza nas noites de luar pola beira dos ríos lavando e cantando belidas cantigas para atraer ao camiñante. No caso de achegarte a ela pedirache que lle axudes a retorcer as sabas e paxelos daquel neno que ela matara e que está lavando: se colaboras, a túa ánima tamén vagará en pena cando morras; pero se te negas a facelo a lavandeira

desaparecerá e no lugar onde estaban os paxelos estendidos aparecerán pozas de sangue.

Edén García Veiga



...E A SÚA SIMBOLOXÍA



Como ben di a lenda que estamos a comentar, estaba unha muller de baixa estatura lavando roupa. A altura fálanos do simbolismo dos ananos ou gnomos que son seres de carácter fantástico. Di tamén que a muller seducía os homes cantando preciosas cantigas. Isto fai referencia ás sereas, eses seres mitolóxicos que atraían os homes co seu canto, cando en realidade só eran baleas.

Respecto a que a muller estivera lavando na roupa, debemos pensar na simboloxía do feito de lavar, que é unha maneira de expresar a necesidade de limpar unha culpa, neste caso relacionada coa morte do meniño que a muller tivera. A muller pecara, por manter relacións fóra do matrimonio ou ben por abortar. Que todo isto acontecera pola noite explícase porque fixera algo vergoñento que

debía ocultarse e non amosalo á luz do día.

Por outra banda temos que tanto a noite, a lúa e a auga son elementos ligados á simboloxía do feminino, á representación do mundo da muller.

Paloma Ruíz López




GLOBALIZANDO TRADICIÓN

Fálase moito hoxe en día das nosas raíces celtas en relación coas nosas festas e díse que son nosas outras celebracións que, aínda que teñen unha orixe común coas nosas, son, ao fin e ao cabo, tradición doutras nacións celtas, pero non de Galicia.

Hoxe por hoxe hai moitos sabichóns que reinventan as tradicións alegando recuperar ritos que en Galicia nunca se fixeron e non paran de renegar do noso pasado rural ao mesmo tempo que negan parte das nosas raíces. Aínda que

os sabios de pouca monta poidan chegar a convencer a moita xente, dubido que o consigan comigo, sendo eu unha persoa que viviu na aldea e tivo ocasión de recoller o testemuño da tradición oral. Con todo, se alguén precisa probas de máis peso que as miñas opinións quero puntualizar que todo o que aquí expoño é o resultado dun traballo de investigación.

Cómpre empezar falando do calendario celta lunar e situar nel cada festa, tal e como presentamos neste esquema:



Lumeirada de San Xoán

Ao comparar os dous calendarios dámonos conta de que as festas galegas son o resultado da galeguización das festas dos nosos antepasados pagáns, entre eles os celtas, e polo tanto coinciden nas datas coas que se celebran en Irlanda.

Se o que queremos é dar vida e futuro ao noso pobo e non matalo coma se se tratara dun inimigo, debemos falar o noso idioma e non avergonzarnos das nosas tradicións traendo outras de fóra ou reinventando algo que xa hai tempo que evolucionou e cambiou.

No caso do *Samhain* sinto mágoa dos que se aferran a identificar ese nome con algo tan noso como son as

celebracións de Defuntos, pois empezando polo nome esa palabra non é galega, senón que é celta goidélico. Ademais en Irlanda non se pronuncia sequera "*Samain*", co que esa palabra non significaría nada en Irlanda pronunciada dese xeito, nin tampouco é comprendida aquí polos vellos que nos transmitiron as súas tradicións e a quen lles temos que agradecer a supervivencia dos costumes herdados. O que se está a facer neste momento é celebrar o *Halloween* británico e americano con nome celta e mesturado con castañas, é dicir, unha auténtica trapallada. Estamos invadindo a globalización, que non é outra cousa que o verdugo da nosa cultura.



Celebrando os maios

Felipe Vázquez Fernández



MANUEL MARÍA / MANUEL MARÍA /

POEMAS AO OUTONO (1977)

Manuel María foi un escritor cunha produción literaria que abarca todos os xéneros, sendo a poesía aquel no que máis destacou. En Santiago, cursou os estudos de Filosofía e Letras. Ademais de Poemas ao Outono, podemos citar outros títulos relevantes como: Terra Chá, Elexías á miña vida pequeniña, Muiñeiro de brétemas, Advento, Morrendo a cada intre, Poemas para construír unha patria, As lúcidas lúas do outono.

Este pequeno libro foi editado o ano 1977. A colección de poemas de Manuel María está chea de sensacións que transmite mediante unha continua evocación do outono e de Galicia, describindo as escenas que desta época do ano ten nos seus recordos.

Polas súas continuas e moi ben formuladas metáforas e comparacións, pola súa linguaxe de doada comprensión e polo seu sinxelo vocabulario, podemos recomendar esta obra literaria para todas as idades a partir dos 13 anos. Velaí tres poemas:



Outono trai froitos abondosos,
mañás delicadas, transparentes,
tardes de serás ouriloucentes,
calmados solpores soedosos.

Os carballos son máis rumorosos
e, se chove, chove mainamente
e agroman entón doces sementes
de soños calados e fermosos.

Entrégoche o froito máis maduro
do meu soñar dondo e caladiño:
¡un mencer sinxelo, lene e puro!

E ti faite, Outono, como o viño:
¡claridade xurdida do escuro,
e paixón poderosa do destiño!

Galiza é un Outono puro e bon,
un río que discorre mansamente,
lume abrasador, fértil semente,
futuro presentido e en sazón.

E foi labrando o tempo luz, paixón
o seu ser escuro e transcendente,
luíndo o corazón de toda a xente
e conformando a terra e o torrón.

Galiza é unha agarda moi madura
que non permite prazos, dilaciós,
estancamentos, freos ou premura.

¡Abonda xa de laios e canciós!
¡Non queremos ser río de tristura
correndo pola vida a tropezos!

É xusto, por Outono, cando a vida
ten unha fondura pura e grave,
a graza delicada dunha ave
e a punxente dor dunha ferida.

Meu Outono fiel, canción choída,
o teu segredo endexamais se sabe:
pode ser carraxe moi suave
ou facerse soidade alporecida.

Outono do foscuro e das clarencias,
recolleita de froitos ben cumpridos
que pertencen a todos os irmaos.

Teremos alertadas as consciencias
pois estes dons, apenas recibidos,
serán rosas de luz nas nosas maos.



Federico Pedreira Nores



MANUEL MARÍA / MANUEL MARÍA

IN MEMORIAM: MANUEL MARÍA, POETA NACIONAL DO SÉCULO XX

Manuel María Fernández Teixeira naceu o 6 de outubro de 1929 en Outeiro de Rei, Terra Cha, no seo dunha familia de labregos acomodados. Comezou a estudar na escola de Rábade, onde preparou o Bacharelato e coñeceu a poesía galega. De 1942 a 1949 cursou o Bacharelato en Lugo e tivo que pasar a vivir cun tío seu, párroco de San Froilán, á morte do seu pai. En Lugo, trabou amizade con Uxío Novoneyra e participou nos faladoiros literarios da cidade con Luís Pimentel, Ánxel Fole ou Ramón Piñeiro. En 1949 funda a revista *Xistral*, da que saen dous números nos que publica os seus primeiros versos.

Logo, matricúlase na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago, que abandona un ano despois. Coa axuda de varios amigos, publica en 1950 o seu primeiro libro de poemas, *Muiñeiro de Brétemas*, e en 1952, froito da decepción dos estudos, nace o segundo, *Morrendo a cada intre*. Nese mesmo ano, comeza o servizo militar en Compostela. Nesa cidade coñece a moitos intelectuais galegos como Otero Pedrayo, Maside e García Sabell, co que se consolida o seu compromiso co idioma.

Regresa a Lugo e no ano 1953 comeza a prepararse para Procurador dos Tribunais, título que acada en 1957. Un ano despois, marcha a Monforte para exercer.

Por ese tempo xa era un escritor recoñecido, con varios premios e libros publicados como *Advento* (1954), *Terra Cha*, un dos seus poemarios máis




salientables, e *Documentos persoais* (1958), e a primeira obra de teatro, *Auto de taberneiro* (1957).

En 1959, casou con Saleta Goi García e seguiu escribindo, adoptando sempre un compromiso crítico coa realidade social que lle vai

causar problemas coa censura e o réxime franquista. Tanto foi así, que o resto dos seus libros até a morte de Franco, van ser editados no exterior. A pesar diso, en 1968, sae *Os soños na gaiola*, libro de versos para nenos.

Na década dos 60, lígase ao nacionalismo de esquerdas, algo moi presente na súa obra poética, e ingresa na U.P.G., *Unión do Povo Galego*. Crea tamén, a editora *Xistral*, que acada grande sona.



En 1975, renunciou ao seu posto na Real Academia Galega e, coa democracia, foi candidato polo B.N.-P.G. (Bloque Nacional Popular Galego) ao Senado pola provincia de Lugo. Tamén saíu electo concelleiro de Monforte.

Dentro da súa inxente obra poética destacan, entre outros, *Poemas ao outono* (1977), *As rúas do vento ceibe* (1979), *A Primavera de Venus* (1993), etc..

Por mor das conferencias impartidas e premios recibidos, viaxou até Bilbao, Madrid, Barcelona, Francia, Italia,

Suíza, Portugal e Venezuela.

Non é doado resumir a obra deste insigne poeta, referencia imprescindible no noso panorama literario da segunda metade do século XX, pois cultivou sobre todo a poesía, pero tamén o ensaio, o teatro e a narrativa. Manuel María foi un escritor que traballou unha ampla variedade de rexistros, propostas e temáticas, desde o intimismo ao paisaxismo, desde a preocupación relixiosa ao socialrealismo crítico e satírico, sen esquecer nunca a reivindicación lingüística, e coa omnipresencia da construción da patria. Recibiu o Premio da Crítica Galicia á creación literaria en 2002 e faleceu aos 75 anos na Coruña, o 20 de setembro de 2004.

María Yáñez López

XAROPE E SOIDADE

[Relatos breves sobre o silencio]



1 ALMISCRE NARCISISTA

Esquecín o meu recordo cando andei na procura dunha historia, certamente non puiden atopar outra que non fora a miña propia. Busqueina entre a memoria para escribila nunha folla branca e virxe, pero non tiña nin idea de como ía ser. Gustaríame unha de aventuras, persecucións, amores destrutores e un final cheo de interrogantes. Tamén podería escribir unha crónica de seres non vivos, que rematarían sendo a nova especie da Terra. Dubidei entre moreas de ideas, non me convenceu ningunha, entón decidín construír un relato infinito no que comezara a falar unha voz do ceo, coma se fora a linguaxe das nubes,

do inmenso ceo azul, que se expresara sobre a chegada da inspiración, da idea verdadeira,



forte e salvadora dos que queren ter a vida dun escritor. E foi así que as miñas mans se moveron ao son da imaxinación e creei o principio:

Esquecín o meu recordo cando andei na procura dunha historia, certamente non puiden atopar outra que non fora a miña propia....



2 ADELA

Adela naceu en Cea (Ourense) o 23 de maio de 1950. Nos seus dez primeiros anos coñeceu o sabor da soidade. Na súa memoria, omitindo nomes e situacións, escribo este pequeno relato, baseándome nas cartas da súa avoa Elisa Moreno Díaz, finada o 2 de xaneiro de 1968, á idade de setenta e un anos, no hospital de Santiago de Compostela "Irmáns da saúde".

Estando sentada mirou como as trenzas do mar explotaban contra o ceo en anaquiños, coma se foran pombas transparentes. Estivo na procura de algo que non pasaba, agardaba o movemento daqueles homes, escoitando o ruxir preciso da inmensidade azul.



Homes sen rostro que secuestraran unha nena, buscando un incerto amor, simple e virxe. A néboa destes acantilados arrastrábase serpeante polos corpos sen definir, queimando o pensamento, fuxindo cara ao esquezo, convertendo os nervios nunha nova crueldade disimulada. Eles eran demos que berran, loitan entre si, queren o regalo desta festa. Ninguén

puido gañar, a cativa comezou a correr entre as follas dun outono que nunca imaxinara, para mesturarse coa intensidade da lúa e as estrelas. Caeu no espello desta intensidade e moveuse, primeiro lentamente polo susto e logo salpicando para coller un apoio calquera. Érguese, pecha os ollos lembrando a raíz que lle salvou a vida, entón volve caer sabendo que é un pesadelo. O sol brilla entre os cantís, entre os sons das cegoñas e as ondas, salvou

milagreiramente. Dá grazas a ninguén, chorando bágoas de ouro neses ollos cheos de miseria. A nai xa leva tempo na súa busca, pero a meniña non quere volver, foi a propia nai quen a vendeu. A propia nai que a busca para poder volver a vendela. Só queda o refuxio, pero a onde pode ir? Decidíu

agocharse entre o abismo do acantilado e vivir con crustáceos e infinitas cegoñas. Resistiu durante tres días, pero cando cansou de non falar, das cegoñas e do sabor agre dos crustáceos, alzou a súa voz e berrou. Marchou para ningunha parte e alí comezou de novo a vivir.

XAROPE E SOIDADE

[Relatos breves sobre o silencio]



3 A POMBA MORTA

A pomba morta, escoitando a dor do meu puño pechado, agardando un murmuro do reflexo da pomba morta. Bágoa esnaquizada, morta da pomba morta, espidas as súas ás no final das súas mans.




Pomba máxica aniquilas razón, mal flotante que leva a tolemia destas augas glorificadas polas xamais pensadas dúbidas e máis dúbidas da existencia humana. Pomba morta da pomba morta, morta sen máis. Morta da pomba morta morres sen máis. Non somos nós pombas que morren sen máis? Lamentos! No teu redor a pregaria da pobre morte da pomba que xa estaba morta. A pomba morta.



4 MAL APROVEITADA

Tempo despois, cando me deixaron saír do cárcere, puiden facer o que me petou. Volver roubar, beber e fumar e buscar a multitude que ocasionara o meu encerro, e matalos. Un a un, sen compaixón, sen me tremar a pistola mentres lles berraría: morre cabrón, morre fillo de puta!, agora quen ten a culpa? Tiña que facer maletas, subir fotografías, lembrar cada



un dos nomes e logo buscar unha arma. Xa sei onde podo encontrala, o meu

amigo Daniel pode axudarme. Necesito unha boa arma, que faga o ruído necesario para que ensucien polos pantalóns eses merdas. Terei que coller un vehículo para moverme, onde podo encontralo? Chamarei a Daniel: *Dani, son eu si, que pasa?... Soltáronme que pasa... E ti que fas coa túa miserable vida?... Non, botáronme o luns pola mañá... Claro que me acordei de ti, puto cabrón, sabes que fun o*

mellor... Agora necesito a túa axuda... Non tío, non quero cartos, non quero iso, necesito unha arma... Como que para que?... E logo, tronco, teño que dar explicacións?... Non me dirás que xa deixaches o negocio?... Xusto cando preciso da túa axuda, non sexas baldreu... Hoxe non, e mira, veño de saír do cagarrón e xa estades a amolarme?... Que non teño a ninguén?, que dis oh!... Estás con eles?... Fillo do ludre que te pariu!... Irei por ti, que o saibas, e heiche abrir de parte a parte... Merda de vida, colgou o teléfono.



Remato de coller isto, amaño as maletas e voume, non sei... *Taxi!!!* Iso é o que farei, vou matalos a todos, de min non se burla ninguén. Non lle podo pagar ao taxista, pero xa sei, rúbolle as pelias e lisco. *A ver, dáme todo o que tes aí agochado, xunto á máquina papón! Vamos, axiña! Pero que merda, dende cando os taxistas tedes pistola? Agarda, tío, tío, para un momento, non quero problemas, agarda leñe!*



5 A NOITE DUN ARREPENTIDO

Grazas por ter un soño tan fermoso.

Darío Fernández Fernández



UMTS, A NOVA TECNOLOXÍA PARA OS MÓBILES



A telefonía móbil avanza tanto que treme a terra... De aquí a pouco xa non falaremos polo móbil como facemos agora pois estaremos a ver ao noso interlocutor, é dicir, estaremos deambulando pola rúa e facendo unha videoconferencia. Non é doado de imaxinar, pero vaino facer posíbel a nova tecnoloxía UMTS. Que parece incríbel? Pois non hai tal, e valo comprobar axiña se continúas

lendo o que contamos: non pasarán dous anos e os móbiles actuais estarán xa fóra do mercado e a maior parte da xente manexará un móbil UMTS.

As siglas UMTS proveñen do inglés *Universal Mobile Telecommunications System*, que podemos traducir por *Sistema Universal de Telecomunicación Móbil*. Na actualidade, esta é a tecnoloxía de transmisión de datos máis rápida coñecida a través dun teléfono móbil, mesmo máis que a liña ADSL. A tecnoloxía UMTS tamén se coñece por 3G. Quere dicir terceira xeración e indícanos que é a terceira tecnoloxía desenvolvida de teléfonos móbiles, logo de usarse a analóxica e mais a GSM.

Un móbil destas características pode facer todo o que fan os móbiles analóxicos e GSM, así como outras moitas cousas como a videoconferencia, descarga de vídeos, imaxes, goles, información, tempo, bolsa..., etc..

Os UMTS funcionan ben, aínda que teñen algúns erros que tampouco son maiores que os que presentan os teléfonos móbiles actuais.

As compañías telefónicas que operan no Estado vanse enfrontar ao desafío de instalar unha infraestrutura que permita que estes móbiles funcionen axeitadamente. A día de hoxe Vodafone ofrece este servizo en 22 cidades, mentres que o servizo de

Telefónica Móviles esténdese polas capitais provinciais e as cidades cunha poboación de máis de cen mil habitantes. A cada pouco estes datos varían polo constante incremento desta tecnoloxía.

Efectuar unha videoconferencia precisa tres pasos: estar nunha zona con cobertura, ter o móbil adecuado e, obviamente, ter o servizo contratado coa compañía pertinente. Este sistema permite comunicarse mesmo con persoas que estean no estranxeiro ou teñan contratado outros operadores de telefonía.



Aínda que a calidade de imaxe non é moi boa é relativamente aceptábel para as dimensións que presenta o móbil. As compañías describen a calidade da imaxe comparándoa coa que se obtén utilizando unha *webcam*. Probabelmente a estas alturas quererás unha resposta para a “*pregunta do millón*”, todo é moi bonito, pero... cal é o prezo? Desde aquí podemos dicir que as tarifas son baixas pero, loxicamente, dependen de cada operador. Aínda así as tarifas son moi similares ás dunha chamada normal, e sorprenderche saber que de aquí a pouco poderás ver a cara de calquera persoa e falar pola rúa sen ter que achegar o móbil á orella.

Se queres máis información podes visitar os seguintes enderezos de internet:

<http://www.movistar.com>: sitio da compañía Telefónica Móviles.

<http://www.vodafone.com>: sitio da compañía Vodafone.

Todo isto demostranos que o móbil se está a converter nunha ferramenta indispensable para a maioría dos adolescentes, xa sexa polas mensaxes, polos xogos para móbiles ou por calquera outro tipo de aplicación.

Seguramente nun par de anos todo o mundo terá un teléfono móbil que levará consigo as 24 horas do día, xa que son moi variadas as súas funcións e actualmente varias empresas xa lles proporcionaron a algúns dos seus empregados algún que outro terminal que inclúe até funcións de axenda.

Pero, será isto positivo ou negativo? Non é unha pregunta que se poida contestar agora mesmo, pero existen varios problemas que marcan a telefonía móbil. Probabelmente o principal sexa o das **antenas de telefonía móbil** pois existe a sospeita de que poderían provocar distintas enfermidades, aínda que, polo de agora, isto non foi demostrado cientificamente.

Outro asunto tamén importante, como sucede con tantas cousas da vida, é o feito de que estar todo o día pendente do móbil ou do ordenador pode implicar, en moitas ocasións, a perda de relacións cos compañeiros e compañeiras, así como o sedentarismo. Pero os aspectos positivos saltan á vista, desde a comodidade que nos ofrecen estes terminais até as altas prestacións que imos poder experimentar con eles.



Antón Gómez García



INTRODUCCIÓN AOS XOGOS DE BATALLAS (WARGAMES)



Se un día vas paseando por un centro comercial e ves uns rapaces arredor dunha mesa chea de miniaturas, tirando os dados, emocionados e medindo cun metro antes de mover as figuras, seguro que te preguntarás: que é iso?, están tolos?... pois, simplemente, están xogando a un “wargame”, é dicir, a un xogo de batallas.

Nos xogos de taboleiro e estratexia (wargames) dous xogadores se enfrontan cos seus respectivos exércitos, que están formados por miniaturas de seres fantásticos, coma orcos ou dragóns, que son as pezas do xogo. Para enredar hai que montar estas miniaturas de plástico ou de chumbo e logo pintalas. Cada peza ten o seu valor e os exércitos teñen que estar nivelados en puntos un co outro. Os xogos máis famosos son: *Warhammer Fantasy*, *Warhammer 40.000* e *Blood Bowl*. Nestes enredos é tan importante a estratexia como a sorte, xa que se botan os dados para decidir as xogadas e se forman os exércitos a gusto de cada xogador, tendo en conta os atributos das miniaturas, o tipo de exército e a estratexia que pensa empregar.



Cada exército ten un regulamento aparte doutro xeral.

Warhammer Fantasy.

Neste brinquedo as miniaturas están baseadas nunha estética medieval e renacentista e os seus exércitos máis famosos son: Ananos, Caos, Bretonianos, Imperiais, Elfos (altos elfos, silvanos e escuros), Orcos e outros máis. É o máis xogado na

zona de Ferrol.

Warhammer 40.000.

Neste xogo precísanse menos miniaturas para formar un exército. É un xogo futurista con exércitos humanos e alieníxenas. Teñen exércitos tan variados como un constituído por grandes arácnidos alieníxenas, os *Tiránidos*, ou outro dunha raza de superhombres chamados *Marines Espaciais*.



Blood Bowl. Este enredo está baseado en *Warhammer Fantasy* pero en vez de exército tes un equipo de fútbol americano. O mellor deste xogo é que entretén moito, pero hai menos persoas interesadas nel xa que se comercializa pouco.

O malo desta afección é que reunir un exército sae bastante caro, pero despois podes xogar todo o que queiras cos amigos. Unha partida pode durar toda unha tarde na que o tempo pasa voando. Aparte, xogando a isto coñeces a moita xente pois hai torneos multitudinarios nos que te relacionas con xogadores de toda Galicia. Nos últimos torneos do centro comercial Odeón (Narón) participaron persoas de moitas idades e de moitos sitios: Lugo, Santiago, A Coruña e por suposto de toda esta comarca.

Pintar as miniaturas é algo que dá moito traballo xa que as figuras son moi pequenas e teñen moitos detalles. Por iso moitos xogadores non teñen o exército pintado ou o teñen pintado de mala maneira. Tamén hai concursos de pintado de miniaturas.

A afección polo *Warhammer* en Ferrolterra está moi estendida entre os rapaces de 12 a 24 anos, aínda que hai xente máis nova e maior que tamén xoga. Así, quen isto escribe, xunto con outros alumnos deste instituto, pertencemos ao equipo *Herdeiros do Waaagh*.

Se estades interesados no tema podedes conectar con estas dúas páxinas de internet:

<http://www.herdeirosdowaaagh.es.vg/>

<http://www.games-workshop.es>



Roberto Vázquez Fernández



DE PAROLO CON PACO RIVAS

Paco Rivas, naceu en Cervo, provincia de Lugo. É profesor de Lingua e na década dos noventa exerceu como asesor de Lingua e Literatura Galegas no Centro de Formación do Profesorado de Pontevedra. Desenvolveu tamén un amplo labor no ámbito da radio: Radio Cornellá, Radio Galega, colaborou con *Preescolar na Casa* e na actualidade traballa na emisión do programa *Cos Ollos Do Corazón* en Radio Foz.

Interesado en temas literarios, lingüísticos e antropolóxicos, ten publicados numerosos artigos e os estudos: *Expresións e ditos populares da área mindoniense*, *Oficios perdidos: Léxico dos Ferreiros*, *Festas de Galicia*, *O Concello nas aulas*, *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa*, etc.. Tamén ten editado varios libros de poemas coma: *Cantaruxos do meu mar e outras cantigas*, *De ti, perdidamente*, etc..

-Ola Paco!, moitas grazas por concedernos esta entrevista.

-Ola Edén e Paloma!, moitas "denadas". Sempre é un pracer falar cos amigos, neste caso con amigas.

-Que te consideras máis, poeta, filólogo, investigador, profesor...ou sinxelamente "creador"?

-Creo que o que máis me sinto é poeta, entendendo por tal un xeito de posicionarse no mundo, máis que o de mero versificador.

-Que pensas das promesas máis novas da nosa literatura?

-Penso que son absolutamente necesarias para contribuír ao desenvolvemento das nosas letras. A calidade na literatura é moi subxectiva, pero coido que hoxe en día hai xente moi boa.

-Cal é o teu autor e obra favoritos? Por que?

-[Suspira] Cada momento, cada situación da vida, pide cousas diferentes, e por sorte para as persoas que lemos, temos unha autora ou un autor para cada momento. Pero se me teño que decantar faríao por Rosalía de Castro, que lin e relín. Con Alonso Montero, o meu profesor, inicieime na lectura de Rosalía cando tiña 11 anos. Gústanme todas as súas obras, pero sobre todo *Follas Novas* e *Cantares Gallegos*.

Como ves o futuro da nosa lingua?

-Mal. Francamente mal porque a xente que fala galego está morrendo, e a xente nova fala galego, pero é un

galego moi ritual e perderase, e posiblemente quedará como un dialecto do castelán.

Normalizar unha lingua...non é cortarlle as ás?

-Normalizar non, normalizar é bo, xa que a normalización o que busca é que todo o mundo use o galego en todos os ámbitos da vida, que fale galego normalmente, na casa, no instituto, cos amigos e amigas, nas tendas, nos centros de traballo, nos bares, etc... Normativizar si, xa que é quitarlle a viveza, o xogo, a espontaneidade, a riqueza que teñen moitas expresións que a lingua estándar mata.

-Que prefires, escribir libros ou "escribir" nas ondas? Prefiro escribir libros porque é algo moi persoal e moi íntimo. Na radio é máis coma un xogo.

-Se puideras pedir un desexo cal sería?

-Imos caer no tópico de paz, pero é cousa moi necesaria. Tamén pediría que esta sociedade enfoque o ensino e a educación doutra maneira, que se formen persoas preparadas para afrontar o mundo e non cabezas repletas de datos, negando a creatividade, a fantasía... Parte disto conséguese formando, como mínimo, bos lectores e lectoras.

-Que hai agora e que houbo en común entre ti e "Fuxan Os Ventos"?

-Case todos son grandes amigos meus e estudamos xuntos maxisterio, compartín con eles unha tempada ou dúas do *Galicia canta ao Neno*.

Que che parece que os teus poemas se atopan nos libros de texto de Lingua de 1º da E.S.O?

-Paréceme ben porque sempre é agradable poder contribuír a que os alumnos e as alumnas lle collan gusto á literatura cun pequeno achegamento meu, pero se me pagasen pola publicación sería mellor, pero eu non teño noticias.

-Moitas grazas pola entrevista e, para rematar, poderías dicir unhas palabras para o alumnado do I.E.S. Sofía Casanova de Ferrol.

-Diríalles que gocen moito coa literatura, que vivan a súa propia historia, que se revelen, dun xeito pacífico, contra as normas sociais establecidas, pois se non nos revelamos contra as normas establecidas seremos clons, que podemos ser diferentes. Que entre todos tamén teñades unha forma distinta de ver o mundo. E se non poden cos ollos abertos, que o fagan cos ollos pechados, soñando.

**Edén García Veiga
Paloma Ruíz López**



EN GALEGO, DE PELÍCULA

Do 11 ao 17 de marzo de 2005. Multicines Galicia. 1º pase 09.45h 2º pase 12.00h

- Venres 11 de marzo**
Doraemon, o piratiskot (Educación Infantil e 1º ciclo E Primaria)
- Luns 14 de marzo**
Pinocchio 3000 (Educación Primaria)
- Martes 15 de marzo**
A vida que te espera (1º ciclo ESO)
- Mércores 16 de marzo**
Romasanta (2º ciclo ESO)
- Xoves 17 de marzo**
O ano da carracha (Bacharelato e ciclos formativos)

Doraemon, o gladiador

Poko, un memo-robot doutra dimensión, chega por accidente ao noso tempo xa que unha das máquinas de Doraemon estrálgase cando Nobita a está usando para mercar nos grandes almacéns do futuro. Poko explicáalles a Doraemon e Nobita que, na súa sombra, o tirano controla os robots dun planeta, no que antes convivían en harmonía os humanos e os seres mecánicos. O único xeito de acadar a paz é que Doraemon e toda a banda se porten máis á cabe e viaxen ao mundo dos robots na súa máquina do espazo-tempo. Deberán convencer a raíña Januu de que os robots teñen sentimentos nobres e que poden os mesmos desvelos cós humanos. Poderán establecer a orde na derrota e indultado Deste. O camiño para conseguilo non será doado... Agáñanos a inflixión de perigos, sorpresas, robots-monstros e moita acción e aventura.

Pinocchio 3000

Ano 3000, Gepetto é un xenial inventor da cidade de Scambville que crea a Pinocchio, un pequeno robot cunha personalidade que memo de carne e oso. Pinocchio, alegre, imaxinativo, curioso, mozo tamén testán e inocente, está disposto a calquera cousa para conseguir o seu obxecto: converterse nun memo de verdade. O pequeno robot é para Gepetto máis ca unha criatura, é case o fillo que nunca tivo. Gepetto non comprende por que o malvado alcalde de Scambville está tan celoso del, pois ten unha filla marabillosa. Pero Gepetto non comparte ese sentimento de odio, máis ben tenlle compasión polo alcalde e isto aínda fai que Scambville, o alcalde, se enfada máis. Spencer é un pingüín, convertido en ciborg, que acompaña a Pinocchio nas súas aventuras. Ao mesmo tempo, Cybrena é un ser máxico no medio dun mundo de frá tecnoloxía, unha fada boa chea de vida que sae para sacar a Pinocchio dos apuros nos que se meto.

A vida que te espera

Nos vales do país unha disputa mortal. Glido mata o seu veciño Selo motivo, unha disputa sobre unha fermosa, gorda e leñeira vaca. Pero todos son vacas nos profundos vales do País. Ao memo como Xenia e Xenia son as fillas de Glido; unha traballa de sol a sol e a outra entre. Ao enterro da vítima chega o seu fillo, Rai. Rai sentíase atraído por Val do asasinio de seu pai. Val comeza a saír con Rai e os dous intentan o que sabe o outro do homicidio e de quen é o homicida. Pouco a pouco as intencións investigadoras dun e doutra van trocando "sen un amor que é unha ameaza para todos".

Romasanta


Galiza, 1950. As fragas están aterrorizadas de lobos. Ca son máis os desaparecidos. De cadáveres máis presentan feridas salvaxes semellantes a incisións propias de cirurxión. Os habitantes alidos non se atreven a cruzar as fragas. Esténdese a lenda do lobishome.

Xoseta e Bárbara viven nunha cidade medio da fraga. 30 se sentían cando chega Manuel, un vendambulante e amante de Xoseta quen Bárbara está secretamente namorada.

Manuel vai canda Xoseta e ida canto volve, entre el e Bárbara unha terrible historia de amor. A sospeita de que súa nai nunca chegou á cidade apodórase de B. Por que Manuel é o único que non medo a cruzar a fraga? Que significa o seu vellos carromato? A sospeita converteuse en certeza. Pero, quen realmente Manuel? un asasinador (lobishome), ou un ladrón? Manuel é o único que sabe a ver.

O ano da carracha

Que fas ao temer a carreira universitaria? Buscal un trabo mezcas un proo, cobas coa me tes fillos e condas a barabula tentas seguir vivindo de teus como un langrán? Todos temos algún amigo cariño, non imos mentar os que surten tras acabar os estudos, sempre a unha escola para seguir no fogar pais, "chego chao", despedíndose e a seu país e gozando da vida, sen preocupacións e con alegría. A película coménta cando a Fran de chega realidade momento de acabar a carreira e de qué vai facer coa súa vida. Fran, un aprendiz e carracha, pasa un ano cando se conchegamos profes da man do seu colega Murgan, héroe do conchegado. Co Murgan aprende moito sobre como chegar a "liberarse" da dependencia paterna.



En galego sen Filtro V Certame de Poesía e Imaxe



DO 22 AO 27 DE ABRIL DE 2005
C. C. CARVALHO CALERO

Inauguración día 22 de abril ás 19.00 h

Horario: De 10 a 13.30 h e de 17 a 21 h
(de luns a venres)



NADAL DE 2004

AS BRINCADEIRAS OU XOGOS POPULARES APRESENTADAS POLO PROFESOR ANTÓN CORTIZAS

